

2.4 EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO

A cohesión económica, obxecto do Eixe 2, “Internacionalización da economía e fomento do espírito emprendedor”, supón unha implicación no apoio aos sectores produtivos, á creación de riqueza, á mellora da competitividade, á preparación dos cidadáns para aumentar o espírito emprendedor, ás apostas pola valía persoal e profesional referendada co éxito nos mercados, en conseguir postos de traballo de calidade, competitivos, e polo tanto, con máis garantía de permanencia e futuro. A atención coidada á internacionalización das empresas galegas e o atraemento de investimentos exteriores son pedra angular para gañar músculo industrial e empresarial. As infraestruturas de transporte e loxísticas, en particular de solo industrial, complementan este grupo de actuacións que desembocan no aumento da competitividade da economía de Galicia. No eixe, existen actuacións que conxugan a súa

validez para a loita anticíclica nos mercados de traballo e de factores produtivos co fomento e mellora da competitividade empresarial, a mobilidade dos factores e o reforzo das capacitacións do capital humano. Deste modo, os baseamentos dunha sociedade formada, sa e cohesionada ven-se enriquecidos polos incentivos e reforzo das capacidades que conducen a unha sociedade competitiva.

Contén políticas activas de emprego, formación continuada, labores de adaptación aos cambios tecnolóxicos e ás circunstancias económicas de mobilidade laboral, artellamento das sociedades constituídas por traballadores de responsabilidade social, a consciencia de que o talento e a técnica, acompañadas da tolerancia substancial ao espírito dos galegos, axudarán a conformar unha Galicia atractiva para traballar.

Tamén é marco para desenvolvemento das pemes, cerne do tecido industrial, canle de cultivo idóneo para levar adiante as iniciativas emprendedoras individuais que impulsadas polo éxito gañan experiencia e tamaño para se constituíren en centros xeradores de demanda e externalidades para as pequenas empresas.

Dentro dos factores que contribúen a mellorar a competitividade están o aforro en custo produto de adecuadas infraestruturas que faciliten e melloren a accesibilidade aos insumos, produtos e mercados, e a produtividade dos factores traballo e capital.

Dado o enclave periférico da rexión galega en relación aos centros produtivos e mercados máis desenvolvidos, Galicia precisa aínda de elevados investimentos en materia de dotación de infraestruturas, especialmente daquelas destinadas a aumentar a conectividade cos restantes territorios, coas redes transeuropeas de transporte e de comunicacións.

As infraestruturas produtivas de carácter empresarial, os equipamentos e a loxística, xunto coas axudas directas para o aumento da calidade das empresas e dos seus produtos teñen que estar unidos, para constituír un marco de progreso en permanencia, cunha afluencia de capacidade e espírito innovador procedente das persoas, do factor humano. Para facer realidade o obxectivo de facer de Galicia un lugar atractivo para investir, traballar e vivir, requírese de esforzos que aumenten o atractivo da rexión, dotar de capacidade loxística e competitiva o seu tecido empresarial e á clase innovadora. Neste sentido, cómpre rematar a

ampliación e mellora das infraestruturas de transportes e comunicacións.

O desenvolvemento económico enténdese na actualidade como unha conxugación do crecemento económico en sentido estrito coa preservación e potenciación das condicións ambientais. A mellor maneira de prosperar e manter altos niveis de emprego, facilitando o acceso aos postos de traballo, e a estratexia dun desenvolvemento sustentable concíbese cunha concepción do traballo que non só se preocupe pola redución das taxas de paro, senón tamén por incrementar os niveis e a calidade do emprego, tal e como se desenvolve na Estratexia Europea para o Emprego.

Así pois, aínda que no horizonte a primeira tarefa é a de atender o desafío da crise económica e as consecuencias inmediatas desta, en termos de desemprego, escasos niveis de crecemento e risco de perda de parte do tecido produtivo, este segundo eixe estratéxico persegue actuar intensamente sobre os factores máis directamente relacionados coa competitividade da economía: a mellora do tecido produtivo, a modernización empresarial e a capacitación dos traballadores e a calidade do emprego.

Como forza transformadora de gran potencia, a globalización representa a oportunidade de obter os beneficios do acceso a grandes mercados e produtos, pero tamén require a protección do emprego e garantir o consenso entre os interlocutores sociais para facilitar o cambio de modelo produtivo, aproveitar as oportunidades da globalización e axudarlles a cidadáns e empresas

a adaptarse aos cambios tecnolóxicos e ás variacións nas condicións dos mercados, e mostrarse solidarios coas persoas que se ven involuntariamente prexudicadas.

○ cambio tecnolóxico ten un grande impacto non só nas condicións da produción, senón na sociedade no seu conxunto, pois ao demandar traballos máis cualificados, xera profundas diferenzas entre as oportunidades das persoas máis cualificadas e as persoas non cualificadas: así, é importante dotar os cidadáns de cualificacións adecuadas que aumenten as súas oportunidades e beneficios nas súas condicións de traballadores, empresarios e consumidores.

Unha das debilidades do sistema produtivo galego é a escaseza de persoal suficientemente capacitado para manter un sistema produtivo competitivo e evolutivo. E se o desenvolvemento de capacidades, procurando uns sistemas sociais eficaces e sustentables, pasa por un marco de mercados laborais flexibles e seguros, pasa tamén por promover a formación continuada e a mobilidade na educación e no coñecemento, e o espírito innovador.

Por iso, dentro da composición de actuacións que tenden a modernizar e dinamizar os tecidos produtivos da rexión cabe conferir un papel determinante á capacitación do factor humano, entendido como calidade para absorber e aplicar o coñecemento en beneficio da innovación e o aumento da capacidade do sistema económico, por máis que a prioridade a curto prazo é saír da crise económica canto antes e nas mellores condicións posibles, creando máis e mellor emprego.

2.4.1. OE 2.1. Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria

Este obxectivo persegue a realización dunha política de infraestruturas de transporte que fagan unha Galicia permeable, aberta, integrada nos circuítos e fluxos comerciais e económicos europeos e mundiais.

A característica de Galicia como rexión periférica esixe, como é xeralmente aceptado, unha rede de transportes que facilite a mobilidade de persoas e mercancías, e o acceso aos mercados, axilizando tempos e diminuindo os custos de acceso.

Esta situación é sobradamente suficiente para que a asignación de recursos a completar os enlaces e vías de transporte aérea, terrestre e marítima que conecten o territorio galego cos espazos económicos máis próximos, como A Cornixa Cantábrica, o centro da Península e o Norte de Portugal, e, á súa vez, con Europa e cos mercados mundiais.

En paralelo, Galicia ten unha posición xeoestratéxica da que cabe aproveitar as oportunidades, o que require que se leve a cabo un exercicio de estruturación espazo territorial rexional, que aumente a conectividade e accesibilidade interior.

A partir desa concepción estratéxica de Galicia, cara á competitividade da economía e a longo prazo, a política de infraestruturas

debe levarse a cabo co entendemento e a colaboración de todas as administracións implicadas, con coordinación interadministrativa no desenvolvemento das infraestruturas e dos grandes proxectos para Galicia e as redes obedecen a un modelo integrado e único de entendemento do equilibrio territorial.

Neste campo, hai tamén un lugar para a participación privada na construción e xestión de aquelas infraestruturas que financeiramente poidan ser obxecto de comple-

mentariedade de actuacións, na senda xa apuntada pola Unión Europea en 2004 en canto á colaboración pública e privada e presente nalgúns programas comunitarios como son o JESSICA ou JEREMIE.

Dentro do obxectivo figura unha política de mobilidade baseada no respecto e na sustentabilidade ambiental, seguridade, economía de custos e comodidade das persoas, que precisa de infraestruturas modernas e de medidas organizativas con respecto dos servizos.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan MOVE (2010 – 2015) ➤ Nova planificación estratéxica en materia de seguridade viaria 2011-2015 ➤ Plan de transporte metropolitano de Galicia ➤ Plan de transporte comarcal e rural 	<p>512A (D. X. Mobilidade)</p> <p>512B (D. X. Infraestruturas)</p>

PLAN MOVE (2010 – 2015)

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan MOVE é un plan de mobilidade que persegue mellorar as condicións de vida dos galegos, incrementar as condicións de mobilidade e facer máis accesibles as infraestruturas, mediante a ordenación e xerarquización da rede de estradas, da coordinación das iniciativas das distintas administracións, completando as comunicacións de Galicia co seu contorno (Asturias, Castela e León e Portugal), mellorar a accesibilidade ás cidades, aos espazos urbanos principais e ás grandes áreas industriais e loxísticas; e integrar a seguridade viaria como criterio básico dende o propio deseño da infraestrutura. Sempre dende criterios de sustentabilidade económica, social e ambiental.

Coa posta en marcha do plan:

- O 80% da poboación situarase a menos de 10 minutos dunha vía de altas prestacións.
- No horizonte do 2015 os investimentos en conservación e seguridade viaria situaranse ao redor do 2,5% do valor patrimonial da rede, e en 2017 acádase un investimento equivalente ao 3% do valor patrimonial.

PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2011 – 2015

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan de seguridade viaria pretende conseguir a coordinación dos distintos axen-

tes que están relacionados coa seguridade viaria, conseguindo a implicación tanto da Administración Estatal como ás Administracións Locais e recoller as achegas dos axentes sociais implicados, para cumprir os obxetivos en materia de seguridade viaria en todos os ámbitos e a todos os niveis.

As liñas estratéxicas do Plan de Seguridade Viaria son as seguintes:

- Potenciación da educación e formación viaria
- Fomento de condutas máis responsables
- Fomento do transporte público
- Mellora da seguridade dos vehículos.
- Mellora da seguridade das infraestruturas
- Impulso da formación viaria laboral
- Mellora da atención postaccidente
- Apoio á investigación en seguridade viaria

PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O novo Plan de Transporte Metropolitano é unha aposta pola mobilidade colectiva nas grandes áreas urbanas de Galicia. Baséase no desenvolvemento dun sistema tarifario que incentive o uso do transporte público, mellorando a coordinación das diferentes redes de servizos de transporte existentes, implantando novos servizos e/ou intensificando outros xa existentes, así como mellorando o acceso á información dos servizos por parte dos usuarios, e renovando e modernizando a infraestrutura e imaxe do sistema de transporte público.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Construción de vías de altas prestacións</p>	<p>Porcentaxe de poboación situado a menos de 10 minutos dunha VAP (Obxectivo: 80% da poboación) Porcentaxe de incremento VAP. (Obxectivo: 125% de incremento en 2015 sobre xullo de 2009 (417 Km) e 173% de incremento en 2020 sobre xullo de 2009 (579 Km))</p>
<p>Desenvolver un programa galego para a seguridade viaria, actuando, entre outras medidas, na eliminación de TCA</p>	<p>Redución dun 50% número de vítimas de accidentes de circulación en 2013 sobre 2009.</p>
<p>Mellora da mobilidade e do transporte: Plan de transporte metropolitano de Galicia nas 7 principais aglomeracións urbanas galegas</p>	<p>Actualmente: 0,7 millóns de cidadáns 1,6 millóns de cidadáns –as 7 grandes areas urbanas de Galicia– aos que se ofrece o novo Plan de transporte metropolitano, duplicando os beneficiarios</p>
<p>Mantemento, xestión e conservación da rede de estradas autonómica e construír novas estradas e acondicionar a rede existente</p>	<p>100% das capitais de comarca e grandes ámbitos territoriais comunicados con VAP a través de estradas convencionais de primeira orde 100% asentamentos de poboación de entidade comunicados co resto da rede mediante estrada de segundo orde 2,5% sobre o valor patrimonial de rede dedicado a mantemento en 2015; 3% en 2020</p>
<p>Optimización e promoción dun sistema aeroportuario integrado que optimice conxuntamente as súas infraestruturas e a unha máis ampla oferta aeroportuaria a través dos diferentes instrumentos de xestión a disposición da Xunta de Galicia; mellora da interconectabilidade entre os aeroportos, entre os aeroportos e as cidades ás que pertencen, e coas restantes redes de transportes.</p>	<p>Aumento do número de turistas internacionais Aumento do número de pasaxeiros Xeración de postos de traballo directos Impacto económico das novas rutas</p>
<p>Modernizar e mellorar a eficiencia, seguridade e sustentabilidade do sistema de transporte de mercadorías en Galicia, baseándose na intermodalidade, articulando redes entre portos, ferroviarias, centros loxísticos, áreas de parada e estacionamento etc.</p>	<p>Aumentar nun 40% as zonas de parada para transportistas na rede de altas prestacións en Galicia: obxectivo: 39 no ano 2012</p>

2.4.2. OE 2.2 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas

Se exceptuamos as exportacións provenientes de dous sectores de actividade –automóvil e téxtil– as pemes galegas non teñen un nivel adecuado de internacionalización e aínda as exportacións destas empresas teñen como destino a Unión Europea.

A promoción exterior das empresas galegas, e a súa saída aos mercados exteriores é básico para que as empresas poidan medrar en dimensión e incentivar a competitividade e precísase de orientacións sobre os mercados de destino e sobre os sistemas de venda e pagos.

Nesta dirección, a internacionalización e apertura en réxime de competitividade das empresas galegas constitúe dentro do Plan estratéxico un obxectivo de primeiro rango para o IGAPE, organismo que desenvolverá unha intensa actividade para o fomento da actividade exportadora das empresas e clúster de Galicia, así como para atraer investimentos foráneos.

A colaboración cos organismos nacionais (ICEX) ou internacionais e coas empresas a través dos clústers, as cámaras de comercio ou asociacións empresariais están presentes para a realización deste obxectivo intermedio, que tamén contempla os apoios á expansión comercial e empresarial dentro do territorio español.

Un organismo próximo e eficiente, achegado á realidade emprendedora e con máis

áxil interlocución, o IGAPE, impulsará a xestión e coordinación das axudas para o desenvolvemento empresarial de Galicia nos distintos eidos do investimento, a competitividade, a internacionalización, a innovación e o apoio aos emprendedores.

A iniciativa privada é un factor importante no progreso e na innovación. O empresario innovador exerce un papel de tracción na posta en marcha de novas iniciativas e na creación de emprego. Así, un marco legal apropiado ás axudas financeiras e aos apoios institucionais constitúen un conxunto de medidas de promoción e fomento da actividade emprendedora.

Os novos emprendedores e os proxectos innovadores teñen escasas canles de acceso ao financiamento privado. Instrumentos como os business angels ou os fondos de capital risco son axeitados para que inversores privados con grandes expectativas de taxas de gañanza estean dispostos a incurrir en maiores riscos de perda.

A promoción e apoio a fondos de capital risco non debe esquecerse do capital-semente que teñan como obxecto o investimento en proxectos de base tecnolóxica que beneficien a Galicia. A presenza de entidades financeiras e de empresas tecnoloxicamente vangardistas é un factor que lles engade valor ás decisións do capital risco, nos que debe profundarse na especialización nas diferentes etapas de creación e crecemento das empresas, sen esquecer as pemes, predominantes en Galicia e que teñen un papel clave na creación de postos de traballo e de mellores postos de traballo, como se recolle na Small Business Act para Europa.

A calidade como referencia propicia que os produtos galegos poidan diferenciarse nos mercados e contribuir a mellorar a organización dos procesos produtivos, o que é un rendible método de publicidade, polo que convén facilitar os procesos de mellora da calidade e en ocasións os de certificación desta.

Mención especial merece a cooperación transfronteiriza con Portugal, de grande importancia para o desenvolvemento socioeconómico dun mercado de máis de 6 millóns de habitantes, que debe de converterse nun punto forte na estratexia galega de desenvolvemento. O obxectivo é aproveitar as ricas experiencias neste ámbito para dar paso a unha “cooperación de segunda xeración”, orientada ás necesidades dos cidadáns e territorios da fronteira en

materia de servizos de educación, sanidade, mobilidade e ao recoñecemento administrativo de novas figuras como a de “eurociudades” ou a Agrupación Europea de Cooperación Territorial, constituíndo unha asemblea da eurorrexión onde teñan cabida ademais das autoridades rexionais e locais as universidades, empresarios, sindicatos e o Eixo Atlántico. Tamén a creación de axencias de desenvolvemento eurorrexional e o reforzo das accións comúns ante as institucións estatais e comunitarias.

Inclúese neste obxectivo intermedio a política de solo industrial, que xunto coas infraestruturas de comunicación articulan un espazo de desenvolvemento económico base para lograr economías de escala que beneficien os sectores produtivos e iniciativas empresariais.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan Re-Brote ➤ Programa Re-Imaxina e Re-Solve+ ➤ Plan Re-Forza 2010 ➤ Plan Re-Emprende (incluído no Plan Re-Forza 2010) ➤ Plan de fomento das exportacións ➤ Plan estratéxico da Galicia empresarial na diáspora ➤ Plan para a internacionalización das empresas galegas ➤ Plans de actuacións con clústers e agrupacións empresariais ➤ Plan de impulso da cultura emprendedora no sistema educativo ➤ Plan sectorial de solo empresarial 	<p>531A (IGVS)</p> <p>541A (S.X. Con Med Amb; DX Calid e Av Amb)</p> <p>741A (S. X. e do Patrimonio; S. X. Eco. e Ind.; D. X. Invest., Deserv. e Innov.; D. X. Comer.; D. X. Ind., Ener. e Minas; D. X. Innov. e Inds. Agrarias, IGAPE)</p> <p>741B (S. X. Economía e Industria, IGAPE) D. X. Educación, FP e Innovación</p>

PLAN RE-FORZA 2010

ÓRGANO XESTOR:
 IGAPE.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este Plan pretende impulsar novas medidas de apoio que impulsarán especialmente a mellora da competitividade e a internacionalización do tecido empresarial galego.

Dentro do Plan Re-Forza inclúese o Plan Re-Emprende a través do cal o IGAPE pre financiará os proxectos de novos emprendedores que impulsen investimentos de

ata 1,5 millóns de €, co obxectivo de facer fronte ás dificultades que atopan os novos emprendedores para acadar financiamento nas entidades de crédito.

PROGRAMA RE-SOLVE+

ÓRGANO XESTOR:
 IGAPE.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O novo programa de garantías Re-Solve+ ten como obxectivo fundamental mobilizar 200 millóns de euros para financiar operacións de circulante, de refinanciamento de

pasivos ou de ampliacións de capital destinadas a fortalecer a estrutura financeira das pemes galegas.

O Re-Solve+ recolle o impulso da Mesa polo Diálogo Social e está destinado a substituír e mellorar tanto cuantitativa como cualitativamente o Re-Solve, e a complementar mellor ao Re-Brote no marco do plan de garantías impulsado pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

O novo programa supera ao Re-Solve, ampliando os potenciais beneficiarios, ás contías máximas dos préstamos amparados e as coberturas das garantías achegadas polas Sociedades de Garantía Recíproca con reaval do Igape.

Este novo programa amplía por primeira vez ao 100% a cobertura das garantías achegadas polas SGR, sempre cun reaval do Igape polo 25% do risco asumido por estas entidades colaboradoras. No marco do Re-Solve, as garantías achegadas cubrían o 90% do risco.

E incrementáanse as contías máximas das operacións apoiadas polo Re-Solve+, que poden ir de 3.000 ata 500.000 euros (entre 3.000 e 40.000 euros no marco do Re-Solve).

Outra das melloras incorporadas no Re-Solve+ é a referida aos destinatarios; os beneficiarios agora poden ser os autónomos pero tamén as pemes en xeral, mentres que no Re-Solve eran só microempresas e autónomos.

PLAN RE-BROTE

ÓRGANO XESTOR:

IGAPE.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este Plan constitúe un Convenio de Colaboración entre o IGAPE e as entidades adheridas polo que se establece unha liña de avais do IGAPE para facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional.

PLAN SECTORIAL DE SOLO EMPRESARIAL 2009-2015

ÓRGANO XESTOR:

IGVS.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O desenvolvemento deste Plan persegue o remate dos parques empresariais actualmente en execución, a creación de parque novos e a ampliación dos existentes, co obxectivo de ofrecer ás empresas solo empresarial en condicións axeitadas.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Desenvolvemento do Plan de solo empresarial 2009-2015	Superficie de solo empresarial creada en parques novos ou en ampliacións. (Obxectivo: 41 millóns de M ² rematados ou en tramitación) Porcentaxe de cumprimento do Plan do solo. (Obxectivo: que en 2014 estean en tramitación o 60% dos parque previstos no plan)
Posta en marcha dun programa de asistencia integral a emprendedores, redes mentoring e bussines angels	Número emprendedores apoiados. (Obxectivo: 500 ano) Número redes. (Obxectivo: 4)
Creación da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior (REDE PEXGA)	Número de plataformas empresariais creadas no exterior. (Obxectivo: 12) Número de empresas participantes das plataformas. (Obxectivo: 2.700 ano) Número de actuacións de intercambio comercial. (Obxectivo: 4.000 ano)
Programa de apoio a cooperación empresarial nos procesos de internacionalización.	Número de consorcios empresariais. (Obxectivo: 10 ano) Número de sociedades promotoras de negocios. (Obxectivo: 15 ano) Número de plataformas loxísticas. (Obxectivo: 5 ano)
Posta en marcha da Cidade da Cultura de Galicia, que debe servir para difundir a marca Galicia internacionalmente	Número de visitantes Número de actividades programadas
Plan de internacionalización da cultura galega, dirixido a mercados con interese estratéxico para Galicia, así como na integración dentro das redes nacionais e internacionais, co apoio á presenza en feiras estratéxicas para o sector e a creación de misións inversas	Porcentaxe de exportación das industrias culturais galegas Número de empresas/feiras Número de empresas/cantidade de negocio
Impulsar a cultura emprendedora no sistema educativo e proporcionar a creación de empresas	Número alumnado formado Número de proxectos asesorados

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Creación da Oficina de Captación de Investimentos: Promoción da imaxe galega e da marca Made in Galicia</p>	<p>Número de accións de promoción no exterior. (Obxectivo: 10 ano) Número de misión inversas con entidades foráneas. (Obxectivo: 5 ano)</p>
<p>Reforzar as accións de atracción de investimentos á comunidade autónoma.</p>	<p>Número de accións de atracción de investimentos. (Obxectivo: 55 ano) Número de acordos de promoción formalizados. (Obxectivo: 6 ano) Número de acompañamentos a investidores. (Obxectivo: 24 ano)</p>
<p>Creación de redes internacionais</p>	<p>Número de redes creadas 2010-2014. (Obxectivo: 10) Número de axencias de desenvolvemento (Obxectivo: 5) Outras entidades (Obxectivo: 5)</p>
<p>Reforzo dos mecanismos de promoción internacional empresarial</p>	<p>Número de asistencia a feiras. (Obxectivo: 320 ano) Número de plans estratéxicos empresariais. (Obxectivo: 30 ano) Número de prospeccións en oficinas/exposicións permanentes. (Obxectivo: 10 ano) Número de liñas de márketing/promoción de marca. (Obxectivo: 50 ano)</p>

2.4.3. OE 2.3 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial

A estratexia de desenvolvemento económico de Galicia, ou converter a diversidade nun factor competitivo dentro dunha economía globalizada, debe basearse na especialización.

As vantaxes competitivas que Galicia mostra en determinadas actividades deben ser aproveitadas traducíndoas aos procesos produtivos que acheguen maior valor engadido, baseándose no coñecemento e na innovación, e con riscos menores de deslocalización.

O fomento da cooperación competitiva entre as empresas, redefinindo a política

de clústers e a identificación dos sectores prioritarios de atención, impulsará a delimitación espacial de proxectos singulares.

A nuclearización de empresas interconectadas, subministradores e provedores especializados de servizos, empresas e institucións conexas, merece un impulso que dea lugar á cooperación e á innovación competitiva.

As universidades son unha peza clave nas actividades de I+D+i, e xunto cos centros públicos de investigación supoñen máis do 80% do esforzo investigador da comunidade. Nese sentido, inclúense nesta liña de obxectivos liñas específicas de financiamento para o fomento da I+D+i conectadas co desenvolvemento de sectores económicos estratéxicos.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan Integral Re-móvete Automoción ➤ Plan Ágora Agora Re-comercia 2010-2013 ➤ Plan de ordenación dos cultivos na zona marítima ➤ Plan galego de acuicultura ➤ Plan de labores de actividades mineiras ➤ Plan estratéxico do sector lácteo ➤ Plan de excelencia sanitaria das producións agrarias ➤ Plan director da produción agraria sustentable ➤ Plan de implantación e desenvolvemento da Oficina Agraria Virtual ➤ Plan director de telecomunicacións 	<p>422L (D. X. Innov. e Industrias Agrarias)</p> <p>431A (D. X. Turismo)</p> <p>432B (D. X. Turismo)</p> <p>432C (S. X. de Medios)</p> <p>433A (D. X. Turismo)</p> <p>461A (S. X. Medios, D. X. Comunicacións)</p> <p>461B (S. X. Medios)</p> <p>513A (S. X. do Mar, Portos de Galicia)</p> <p>514A (D. X. Desenv. Pesqueiro)</p> <p>541B (D.X. Desenvolvemento rural)</p> <p>551A (D.X. Desenvolvemento rural)</p> <p>551B (D.X. Montes)</p> <p>561B (D.X. Desenvolvemento rural)</p> <p>711A (S. X. do Medio Rural)</p> <p>712A (D. X. Desenvolvemento Rural)</p> <p>712B (D. X. Prod. Agropecuaria; FOGGA)</p> <p>712C (D. X. Prod. Agropecuaria)</p> <p>713A (D. X. Desenv. Rural, D. X. Prod. Agropec.)</p> <p>713B (D. X. Montes)</p> <p>713C (D. X. Prod. Agropecuaria)</p> <p>713D (D. X. Innov e Industrias Agrarias)</p> <p>713E (D. X. Innov e Indust Agra; D. X. Prod. Agrop.)</p> <p>713 F (FOGGA)</p> <p>721A (S. X. do Mar)</p> <p>722A (S. X. do Mar; D. X. Ord. e Xest. Rec. Mariños; D. X. Desenv. Pesqueiro)</p> <p>723A (D. X. Comp. e Innov. Tec.; D. X. Ord. e Xest. Rec. Mariños)</p> <p>723B (D. X. Comp. e Innov. Tec.; D. X. Desenv. Pesqueiro)</p> <p>731A (S. X. de Economía e Industria)</p> <p>732A (D. X. Ind. Enerx. e Minas)</p> <p>733A (D. X. Ind. Enerx. e Minas)</p> <p>741A (D. X. Ind. Enerx. e Minas)</p> <p>741F (D. X. de Comercio)</p> <p>751A (DX Comercio)</p> <p>761A (S. X. Turismo)</p>

PLAN INTEGRAL RE-MÓVETE AUTOMOCIÓN

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Economía e Industria.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

○ Plan integral, que suporá **un investimento de 120 millóns de euros**, pretende reforzar a situación dun sector que emprega de forma directa ou indirecta a preto de **40.000 persoas** e induce arredor de 9.000 empregos máis e que factura 8.400 millóns de euros (o que supón o **14% do PIB galego**).

Este plan potenciará 5 liñas básicas:

- A fabricación, apoiando as plantas ensambladoras cunha dotación económica entre os 35 e os 40 millóns de euros. Estas achegas estarán vinculadas ao compromiso por parte das empresas co desenvolvemento de novos modelos e coa realización dun Plan industrial que garanta a súa estabilidade e a conservación do emprego a medio prazo.
- A industria auxiliar de compoñentes, impulsando a innovación e o desenvolvemento de novos investimentos cunha dotación de 60 millóns de euros.
- A comercialización, cunha achega inicial de 6 millóns de euros para axudas á compra de vehículos coa finalidade de compensar o efecto negativo que causará a subida do IVE sobre as vendas.
- A eficiencia enerxética, potenciando solucións de mobilidade sustentable, a través de axudas para a compra de vehículos eléctricos e híbridos.
- E o apoio ao clúster da automoción, co anticipo de ata o 80% dos importes das achegas ás empresas sen necesidade algunha de garantías ou aval.

PLAN ÁGORA AGORA RE-COMERCIA 2010-2013

ÓRGANO XESTOR:

A dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

○ Plan Ágora Re-Comercia persegue apoiar un sector cun gran potencial como é o sector estratéxico do Comercio, no que traballan máis de 45.000 comerciantes que xeran arredor de 110.000 postos de traballo e que supoñen máis do 30% do tecido empresarial galego e máis do 10% do noso Produto Interior Bruto.

○ Plan outorgará un protagonismo especial ao pequeno comercio co que se prevén colaboracións e convenios cos diferentes axentes implicados no sector, co obxectivo de deseñar actuacións máis axustadas ás necesidades reais do sector.

○ Plan anticrise susténtase en tres grandes medidas enfocadas en apoiar ao sector comercial:

- Poñer a disposición dos comerciantes produtos financeiros, incluíndo unha

liña específica de créditos brandos e flexibles;

- Un programa para mellorar a cualificación profesional dos traballadores do comercio, incidindo en aspectos como técnicas de venda, trato ao cliente, manexo das novas tecnoloxías e coñecemento de linguas estranxeiras para mellorar a atención e, polo tanto, incrementar as vendas aos turistas;
- E unha liña de axudas para a reforma dos establecementos e estender o uso de novas tecnoloxías para incrementar a competitividade dos pequenos e medianos establecementos.

Este Plan ten tres Obxectivos básicos:

- Un Comercio que reforce o seu potencial dinamizador na zona na que se desenvolve, tanto nas grandes cidades como nos núcleos de poboación máis pequenos.
Nas principais urbes o obxectivo é incrementar a oferta comercial, mellorar a relación calidade-prezo a partires das vantaxes comparativas que ten Galicia, adaptarse ás demandas dos turistas, mellorar a imaxe dos nosos establecementos comerciais e facer máis promoción do comercio de Galicia.
No eido rural, o reto é rescatar o papel que xogaban os mercadillos regulados, os mercados municipais ou as prazas de abastos; e revitalizar instalacións como os recintos feirais.

Isto require dunha estratexia comercial baseada na cooperación por parte de todos os actores implicados na política comercial. Con este fin, crease o Observatorio do Comercio de Galicia como órgano asesor, consultivo, de estudo e formación en materia de comercio; maila Rede de Dinamización do Comercio como enlace permanente da Xunta co sector, con medidas de formación, asesoramento e de promoción da calidade, preto dos propios comerciantes e dun xeito accesible.

- Un Comercio que vertebre, xa que o comercio de proximidade funciona como un eixe de vertebración socioeconómica grazas á súa capacidade de xeración de emprego e de volume de negocio, ademais de desenvolver un papel fundamental na cohesión e dinamización das nosas vilas e cidades, avogando por adecuar a estrutura comercial ás particularidades territoriais, sociais, culturais e económicas de Galicia.
- Un Comercio que medre a través dun esforzo colectivo, xa que para acadar a reorganización e adaptación deste sector a Xunta necesita a implicación de Comercios, Concellos, Federacións, Asociacións, Cámaras de Comercio e Deputacións.

O Plan Ágora suporá un investimento de 129,14 millóns de euros no período 2010-2013.

PLAN DE ORDENACIÓN DOS CULTIVOS NA ZONA MARÍTIMA

ÓRGANO XESTOR:

Consellería do Mar.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O obxecto deste plan é a ordenación integral da zona marítima destinada ao desenvolvemento da acuicultura mediante a delimitación e caracterización das zonas aptas para os cultivos mariños e outras actividades relacionadas con estes tales como o reparqueo e a reinstalación, así como a determinación das especies permitidas, compatibles e prohibidas.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Posta en marcha de sociedades de fomento forestal	Número de sociedades de fomento forestal inscritas no rexistro Ha de superficie ordenada e certificada de xestión forestal sustentable
Execución de perímetros de prevención e actuación forestal	Ha de superficie de actuación en perímetros. Evolución do número de incendios forestais e os seus efectos no contorno dos perímetros
Actualización do marco normativo forestal e de defensa contra incendios forestais	Liñas de actuación en aplicación de novos procesos actualizados
Plan de formación e capacitación empresarial especializada en procesos de internacionalización	Número de cursos a directivos e mandos intermedios. (Obxectivo: 10 ano) Número de seminarios e xornadas. (Obxectivo: 15 ano) Número de xoves especializados en comercio exterior. (Obxectivo: 75 ano)
Programa de implantación da intelixencia de negocio e calidade total na empresa galega	Número empresas apoiadas (Obxectivo: 100 ano) Número de sistemas de automatización implantados (Obxectivo: 50 ano)

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Programa do desenvolvemento cualitativo do sistema económico galego baseado nos clústers	<p>Número de empresas xeradas de reforzo do sistema (Obxectivo: 10 ano)</p> <p>Incremento do volume conxunto de negocio (Obxectivo: 5% anual)</p>
Desenvolvemento do clúster da auga (industrial e turístico) para o maior aproveitamento e potenciación dun recurso endóxico e exclusivo de Galicia, a gran riqueza de augas mineromedicinais e termais	<p>Número de empresas no clúster</p> <p>Número de médicos formados/ano</p> <p>Número de alumnos/ano no hotel-balneario-escola</p> <p>Variación interanual da cifra de negocio no sector do embotellamento e no sector turístico-termal</p> <p>Novas aplicacións terapéuticas das augas galegas</p>
Posicionamento dos produtos diferenciadores e singulares de Galicia	<p>Incremento das vendas da produción galega agropecuaria e do mar fóra da comunidade</p> <p>Incremento do número de visitantes con motivo principal gastronomía e/ou enoturismo</p> <p>Incremento do gasto medio en restauración (variación interanual)</p> <p>Incremento da ocupación nos balnearios galegos</p>
Modernización e desenvolvemento do comercio galego, incrementar o atractivo comercial e adaptalo ás necesidades do consumidor	<p>Porcentaxe aumento número de comercios polo miúdo que realizan vendas electrónicas</p> <p>Porcentaxe de comercios que pertencen a algunha central de compras</p>
Recuperación de zonas improdutivas ou que mingüaron a produción marisqueira	<p>M2 rexenerados</p> <p>M³ de áridos transportados</p> <p>Tm de residuos retirados</p> <p>Número de individuos sementados</p> <p>Tm de bivalvos producidos</p> <p>Número de proxectos aprobados.....10</p> <p>Euros investidos..... 1x10⁶ €</p>
<p>PORTOS DE GALICIA:</p> <p>Impulso, deseño e fomento do sistema portuario de Galicia (122 + 6)</p> <p>Mellora e ampliación de instalacións de abrigo e condicións xerais de acceso aos portos</p>	<p>Número convenios entre portos estatais e autonómicos</p> <p>Ml de novos diques nos portos</p> <p>Investimento total en infraestruturas e instalacións de acceso</p> <p>M3 de dragado</p>

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantir a sustentabilidade dos recursos:</p> <p>Paralizacións definitivas, temporais</p> <p>Medidas de carácter socioeconómico</p> <p>Investimentos a bordo buques pesqueiros</p> <p>Proxectos pilotos</p>	<p>Paralizacións definitivas: número de barcos beneficiarios. 12, número GT reducidos 2.500</p> <p>Paralizacións temporais (vedas e paradas biolóxicas): número de vedas e paradas 0, número de embarcacións implicadas 0</p> <p>Medidas de carácter socioeconómico: número de beneficiarios 70</p> <p>Porcentaxe sobre a poboación activa da pesca 0.28</p> <p>Investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade: número de proxectos tramitados 500, porcentaxe de crédito comprometido/crédito previsto 35</p> <p>Proxectos pilotos: número de proxectos aprobados 6</p>
<p>Creación da Rede de Dinamización Comercial (REDIC) e do Observatorio Galego de Comercio, para fomentar o asesoramento técnico no sector do comercio para promover a dinamización e innovación, e impulsar o acceso á información mediante un portal informativo do sector comercial de venda polo miúdo dirixido a todos os axentes a través da REDIC</p>	<p>Porcentaxe incremento establecementos comerciais polo miúdo que dispoñen de web propia</p> <p>Porcentaxe incremento de vendas a través de medios electrónicos</p> <p>Porcentaxe de comercios que pertencen a algunha central de compras</p>
<p>Promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura</p>	<p>Número proxectos tramitados. 196</p> <p>Porcentaxe de crédito comprometido/crédito previsto. 40%</p> <p>Número de feiras. 10</p> <p>Número de empresas participantes. 127</p> <p>Número de campañas de promoción. 2</p> <p>Miles de euros investidos. 1.250</p> <p>Número de persoas participantes.2.000</p> <p>Número de accións.40%</p> <p>Número de alumnos participantes.9.500</p> <p>Número de racións servidas. 75.000.</p>

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sustentabilidade</p>	<p>Plans de xestión e explotación: número de plans aprobados 224, número de mostraxes realizadas 224, Tm de marisco producidas</p> <p>Recuperación de zonas afectadas por contaminación microbiolóxica: número de zonas de produción recuperadas: 1</p> <p>Convenio de asistencia técnica e vixilancia dos bancos marisqueiros con entidades asociativas do sector: número de convenios/asistencia técnica, euros investidos, número de convenios de vixilancia, euros investidos</p> <p>Potenciar a cultura do seguro no mar: número de embarcacións aseguradas en RC, número de asegurados polo seguro do mal tempo, euros investidos</p> <p>Proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños: número de proxectos aprobados, euros investidos</p> <p>Avaliación de existencias de novas especies con interese comercial; número de mostraxes realizados, m2</p>
<p>Desestacionalización do turismo coa mellora da ocupación en determinados destinos e produtos. Actuacións de apoio á paquetización e comercialización</p>	<p>Gasto medio</p> <p>Ocupación media e desviación típica desta</p> <p>Número de empresas turísticas de receptivo</p> <p>Número de empresas de turismo activo, actividades de aventura e lecer en xeral</p>
<p>Desenvolvemento sustentable das zonas costeiras</p>	<p>Euros/ano executados:..... 5 millóns</p> <p>Número seminarios e xornadas/ano</p> <p>Número accións de promoción/ano</p> <p>Número de proxectos aprobados:</p> <p>Número proxectos de diversificación desenvolvidos</p> <p>Número de proxectos de turismo desenvolvidos</p> <p>Número proxectos de comercialización</p> <p>Número empresas apoiadas</p> <p>Número entidades apoiadas</p>

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Fomento da acuicultura	Número proxectos tramitados. 235 Porcentaxe de crédito comprometido/crédito previsto. 45 Número de toneladas de incremento de produción. Número de toneladas de incremento de produción potencial. Número de plantas de nova autorización ou ampliación Cultivos na zona marítima: Número de novas instalacións autorizadas 0 Porcentaxe de nova superficie ocupada respecto ao total do plan. 0 Cultivos na zona marítimo-terrestre: Número de novas instalacións autorizadas 0 Porcentaxe de nova superficie ocupada respecto ao total do plan. 0
Mellora da competitividade da empresa turística, mediante unha formación turística de base. Reorientación das liñas de impulso á mellora da calidade e non da cantidade na oferta de aloxamento	Media anual de Revpar (lucros por habitación ocupada) Media anual de beneficio por habitación dispoñible Numero de certificacións da calidade turística (Q)
Lanzamento e consolidación da primeira marca turística Galicia	Número de accións de comunicación da nova marca Impacto en medios das accións de comunicación (impressions)/ano Variación interanual de visitas á nova web relativamente á web anterior
Maior competitividade da administración turística. Modernización da rede de oficinas turísticas galegas	Número de proxectos europeos vixentes cada ano Número de oficinas de turismo certificadas Número de oficinas integradas na rede de oficinas de información turística (OIT) de Galicia Número de recursos turísticos sinalizados
Creación do clúster das industrias culturais e implantación do Plan director da música	Número de empresas presentes Incremento do volume de negocio/número de empresas
Creación de unha plataforma multimedia para o fomento das industrias culturais galegas, vinculado a un Plan de difusión da música tradicional como primeira oferta de Galicia e embaixadora da nosa cultura e a oferta de un mapa de festivais de música, audiovisual e artes escénicas.	Número de visitas e descargas Número de eventos no exterior Porcentaxe de visitantes aos ditos eventos

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Plan de mellora dos equipamentos portuarios	Plan de portos: euros executados 4 millóns por ano, número de portos beneficiarios. 10 Diversificación do tecido produtivo, desenvolvemento de infraestruturas, mellora de equipamentos e servizos básicos: número de infraestruturas 10 por ano, número de equipamentos 25 por ano
Control, vixilancia e inspección das zonas de produción	Plan de loita contra o furtivismo; número de actas de inspección 15.000, número de medios incautados 25.000, Kg comisados 30.000 Colaboración con outros corpos e forzas de seguridade do estado; número de operativos conxuntos 100

2.4.4. OE 2.4. Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

O investimento fará de Galicia un mellor lugar para traballar, adquirindo maiores posibilidades de ofrecer emprego cualificado á súa poboación e contribuíndo así a frear a fuga de talentos.

Fronte aos rápidos cambios tecnolóxicos e ás repercusións da globalización é preciso modernizar os mercados de traballo, previndo os cambios e as reestruturacións. É preciso establecer disposicións contractuais flexibles e seguras, aprendizaxe permanente, políticas activas en materia de emprego e mercados de traballo, e sistemas de segu-

ridade social e servizos de emprego modernos e eficientes.

Os obxectivos finais non serían posibles sen un capital humano capacitado para desenvolver e impulsar unha economía baseada no coñecemento.

En primeiro lugar será necesario impulsar un mercado laboral atractivo e ao mesmo tempo flexible para a poboación. A incorporación activa e cualificada ao traballo será unha peza fundamental, especialmente nunha rexión na que o envellecemento da poboación, o menor crecemento natural e a menor entrada relativa de inmigración constitúen elementos constantes.

A articulación efectiva entre o sistema educativo e o produtivo será un obxectivo prioritario, debido aos cambios que se espera acometer na estrutura económica

sectorial galega e a rapidez que o mercado habitualmente require. Este elemento centrarase tamén en tratar de evitar a fuga de persoal cualificado formado no ámbito rexional e que por falta de posibilidades se ve obrigado a abandonar.

O impulso do capital humano e a promoción do emprego asociado ás necesidades empresariais propiciarán a corrección dos desequilibrios territoriais existentes na actualidade en Galicia, que presenta unha marcada dualidade entre dúas realidades: a costa, que concentra os principais asentamentos de poboación e a actividade económica, e o interior, que sofre un importante fenómeno de despoboación e conta con numerosos núcleos rurais caracterizados pola súa dispersión xeográfica.

A sociedade galega debe establecer como finalidade converterse nunha economía con capacidade para xerar emprego de calidade e facilitarles aos cidadáns cualificación educativa e capacitación profesional para incorporárense aos sectores económicos dinámicos.

A mellora permanente da calidade e produtividade do traballo está condicionada nun mundo que evoluciona, pola capacitación e formación continuada, importancia que se ve incrementada polos retos e oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

As empresas deben ter asegurado que o sistema educativo e formativo é capaz de subministrarlle persoas con coñecementos que respondan ás necesidades de hoxe, e aínda capaces de manter unha capacidade

de inserción e participación na aplicación de novas tecnoloxías e procedementos.

Unha análise permanente da xerar condicións para ofertar oportunidades laborais de calidade para os mozos e resultar atraínte para traballadores e profesionais cualificados require esencialmente de un esforzo continuado en formación e cualificación técnica laboral, pero tamén de facilitar o acceso ás oportunidades laborais en termos de igualdade entre homes e mulleres e, en xeral, entre todos os cidadáns con independencia de calquera condición distinta á capacidade para desenvolver un traballo.

Os cambios nas estruturas económicas e nos procesos produtivos requiren dunha formación continuada que permita a adaptación á diversificación das actividades.

Por outra parte, unha sociedade innovadora precisa de iniciativas persoais que deben ser acometidas por persoas cun grao amplo de liberdade, de creatividade, capacidade de decisión e autonomía para levar a cabo as iniciativas emprendedoras. O estímulo ás actividades emprendedoras de carácter empresarial forma necesariamente parte dos obxectivos das políticas activas de emprego.

Estimular o espírito emprendedor e fomentar as vocacións empresarias entre os estudantes universitarios e de formación profesional, mellorar a calidade da función empresarial entre os pequenos e medianos empresarios e facilitar a xestión e o crecemento das empresas existentes...

Para mellorar a empregabilidade, as taxas de emprego, unha liña de actuación é introducir nos mercados de traballo actuacións que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, aumentar os servizos de apoio, e contribuír, ao mesmo tempo, a fomentar a igualdade de oportunidades.

As empresas constituídas por mulleres ou xente nova, en novas actividades, as empresas da economía social, deben ser incentivadas e consolidadas, especialmente os novos nichos de emprego.

A racionalización de horarios nas empresas e centros de traballo pode ser un elemento eficaz de conciliación entre a vida laboral e a persoal e familiar.

Tamén as actuacións específicas dirixidas á emigración, e aos colectivos de homes e mulleres máis desfavorecidos, e ás políticas destinadas a conseguir unha efectiva igualdade de xénero.

De acordo co Plan autonómico de emprego, resultado do diálogo social e político, elaborábase un Plan de integración laboral dos inmigrantes 2010-2014, que complementará as actuacións dirixidas aos galegos no exterior que desexen retornar, e terá como finalidade facilitar a incorporación laboral aos inmigrantes cara ás actividades demandantes e aumentar a formación sobre estas. Neste plan terán especial tratamento os labores de seguimento da realidade sociolaboral da poboación inmigrante, con itinerarios de información e orientación, e loita contra a discriminación deste colectivo, que pode ter un importante pa-

pel no futuro desenvolvemento económico e social de Galicia.

No marco de diálogo social, teñen lugar unha serie de medidas enmarcadas nun Acordo para a prevención de riscos laborais 2010-2014, para reducir a sinistralidade laboral e promover o cambio cara a unha cultura preventiva asociada á actividade natural das empresas.

Un proceso de concertación cos distintos axentes sociais que, defendendo os intereses dos distintos axentes sociais, coordine as actuacións e posibilite a cooperación xunto coas accións das administracións é un instrumento de política económica de recoñecida eficacia.

Un proceso de diálogo social que dea lugar á posta en práctica de actuacións consensuadas e coordinadas para afrontar os problemas do emprego e da capacidade do sistema para lles dar resposta aos retos económicos e laborais que se teñen que afrontar.

A través do diálogo social determinaranse as medidas dun Plan autonómico de emprego, 2010-2014, que teña como finalidade potenciar a inserción laboral dos desempregados, formar o espírito emprendedor empresarial e mellorar a calidade do emprego.

No ámbito da economía social, contéplase a revisión da Lei de cooperativas do ano 98, introdúcense novas iniciativas a favor das cooperativas, dótanse de máis flexibilidade e adaptabilidade ao marco económico actual, e facilítase o relevo xeracional nas coo-

perativas de traballo e sociedade laborais, que complementan con incentivos á contratación as medidas de carácter financeiro xa descritas.

Finalmente, unha batería de medidas vai enfocada no camiño da “flexiguridade”, ou formas de organización do traballo e de contratacións laborais que gocen de flexibilidade concertada entre as partes e que son contractualmente seguras e aceptadas polos axentes sociais e económicos.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan autonómico de emprego 2010-2013 ➤ Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014 ➤ II Plan galego de FP ➤ Plan socio-laboral ➤ Plan estratéxico de RSE 2010-2013 ➤ Plan estratéxico de desenvolvemento de cooperativismo 	<p>313B (S.X. Familia e Benestar)</p> <p>313D (S.X. Familia e Benestar)</p> <p>321A (S. X. Cons.Trab. e Benestar, D. X. Promc. Emp., D. X. Formac.)</p> <p>322A (D. X. Promoc. do Emprego)</p> <p>322B (D. X. Formación e Colocación)</p> <p>322C (D. X. Promoción do Emprego)</p> <p>323A (D. X. Formación e Colocación)</p> <p>323B ((D. X. Formación e Colocación)</p> <p>324A (S. X. Cons.Trab. e Benestar, D. X. Relacións Laborais)</p> <p>324B (S. X. Cons. PAP, D. X. Relac. Laborais, ISSGA)</p> <p>D. X. Educación, FP e Innovación</p>

PLAN DE AUTONÓMICO DE EMPREGO 2010 – 2013

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Traballo e Benestar.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

○ Plan autonómico de emprego 2010–2013 presenta os seguintes Obxectivos Estratéxicos:

- Recuperar a creación de emprego estable e de calidade.
- Impulsar o fomento da actividade emprendedora en Galicia.
- Coordinar as accións públicas na política activa de emprego
- Avanzar na igualdade de oportunidades laborais entre os homes e as mulleres.
- Establecer o marco xeral de relación coas entidades colaboradoras nas políticas activas de emprego.
- Xerar as condicións para o desenvolvemento de oportunidades laborais de calidade para todos.
- Investir na formación e na cualificación técnica e laboral dos traballadores como elemento central para a mellora da súa propia empregabilidade e da competitividade das empresas.

○ Plan Autonómico de Emprego descomponse nos seguintes Plans de Emprego Específicos, en todos eles trátase, en esencia,

de outorgar discriminacións positivas a favor de colectivos que habitualmente atopan maiores dificultades para accederen a postos de traballo en condicións de calidade:

- ○ Plan de emprego xuvenil, que contará con 326,02 millóns de euros.
- ○ Plan de emprego feminino, con 361,47 millóns de euros.
- ○ Plan de emprego para colectivos con discapacidade e en risco de exclusión, con 98,51 millóns de euros.
- ○ Plan de emprego autónomo e emprendedor, dotado con 180,11 millóns de euros.

Polo tanto, o Plan Autonómico de Emprego está dotado con 966,11 millóns de euros no período 2010-2013.

PLAN ESTRATÉXICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS 2011–2014

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Traballo e Benestar.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este plan pretende unificar en contidos e medios a educación e a sensibilización sobre a prevención de riscos laborais.

Ten como obxectivos estratéxicos implantar unha cultura preventiva, mellorar a capacidade de resposta dos órganos técnicos, conseguir indicadores preventivos fiables e desenvolver accións de control integradas.

II PLAN GALEGO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Traballo e Benestar.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este plan recolle un conxunto de medidas e obxectivos orientados a promover iniciativas que contribúan ao desenvolvemento profesional, á mellora da empregabilidade das persoas, así como ao incremento da competitividade dos sectores produtivos de Galicia.

En canto aos seus fins, este carácter integral implica seguirmos avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional coherente en Galicia. Así mesmo, supón considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación: os mozos e mozas, e a poboación activa en xeral.

Este plan ten un marcado carácter interinstitucional, xa que está articulado a través do principio de cooperación e concertación entre a Administración e os axentes sociais, así como no seo destes últimos.

Pretende constituírse no principal instrumento estratéxico de Galicia para o desenvolvemento das políticas de cualificacións e de formación profesional, que se deben pór en práctica en estreita conexión coas políticas de desenvolvemento económico e social, e coas políticas industriais e de emprego.

Hai que potenciar que a oferta de formación para o emprego se axuste ás necesidades da poboación galega, impulsando un

sistema que posibilite unha formación ao longo da vida.

Debe desenvolverse o procedemento de recoñecemento da cualificación profesional adquirida pola experiencia profesional ou por vías non formais de formación, a través dunha orde que se elaborará de xeito conxunto coa Administración Educativa, establecendo un procedemento áxil cuxa xestión única recaerá na Administración Laboral.

PLAN SOCIO-LABORAL

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Traballo e Benestar.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan Sociolaboral de Galicia, está integrado no Plan de Actuación Social 2010- 2013, e contempla o eido dos servizos sociais como un novo e importante xacemento de emprego e presenta os seguintes Obxectivos:

- Xerar a capacidade profesional cualificada.
- Crear unha rede estable de servizos.
- Impulsar o desenvolvemento das medidas de conciliación.
- Promover o desenvolvemento empresarial no sector social.

Este Plan prevé crear 10.000 novos empregos directos cada ano no eido social e 4.900 insercións laborais.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Promoción da creación e consolidación de empresas de economía social	Número de empresas de economía social constituídas. (Obxectivo: 400 no período 2010-2014) Número de socios de empresas de economía social/100.000 activos. (Obxectivo: pasar de 8.000 a 8.200 por cada 100.000 activos no período 2010-2014)
Aumento da capacidade de emprego das persoas desempregadas galegas	Número de desempregados beneficiarios. (Obxectivo: 9.000/ano) Número de accións de desenvolvemento local. (Obxectivo: 2.000 / ano)
Impulso da ocupación de desempregados a través do fomento do autoemprego e dos emprendedores	Número de iniciativas emprendedoras (IeBT, ILE, IEE e autónomos) postas en marcha. (Obxectivo: 3000/ano) Incremento anual de altas no RETA
Desenvolvemento de liñas de apoio aos colectivos máis desfavorecidos para a súa integración no mercado laboral	Número de contratos indefinidos incentivados rexistrados. (Obxectivo: 6.000/ano) Redución da taxa de temporalidade Incremento da taxa de ocupabilidade
Aposta pola formación para o emprego asociada á impartición de cursos vinculados a certificados de profesionalidade	Número de beneficiarios (alumnos/as). (Obxectivo: 1.350) Número de cursos. (Obxectivo: 90) Obtención de certificado de profesionalidade polo 7% dos alumnos/as participantes nos cursos de formación para o emprego
Modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia	Número de accesos á oficina virtual. (Obxectivo: 35% dos demandantes de emprego) Número de renovacións oficina virtual/número de renovacións total. (Obxectivo: 25%)
Impulsar a cultura de prevención de riscos laborais na sociedade galega, especialmente no sistema educativo	Número de beneficiarios Número de acción de información e formación Número de alumnos e profesores formados

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Impulsar a responsabilidade social empresarial nas empresas galegas	Número de empresas que puxeron en marcha programas de xestión da RSE Número de accións formativas Número de traballadores beneficiados
Promover a inserción social das persoas en risco de exclusión ou con discapacidade a través da súa inserción laboral	Número de persoas en risco de exclusión inseridos Número de contratos promovidos, obxectivo 4.900 no período 2010-2013
Aproveitar o nicho de emprego dos servizos sociais e dinamización económica neste eido	Número de empresas de servizos sociais creadas Número de empregos creados no eido social, obxectivo 10.000 empregados/ano